

## PROPOSTA DE ACORDO

exp. 2022/G006/000426

### **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE MELIDE (ANULIDADE 2022)**

Logo de ver a proposta das “Bases reguladoras para a convocatoria de axudas a prol da natalidade no Concello de Melide (Ano 2022)” e tendo en conta a necesidade de apoio ás unidades familiares do Concello de Melide mediante o deseño de mecanismos que axuden a fixar poboación.

A dita proposta de bases é a que se transcribe a continuación, cuxo tenor literal é o seguinte:

#### **“BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROL DA NATALIDADE NO CONCELLO DE MELIDE (ANO 2022)**

**1.–OBJECTO.** O obxecto destas bases consiste no establecemento de medidas complementarias de apoio ás unidades familiares do Concello de Melide mediante o deseño de mecanismos que axuden a fixar a poboación evitando deste xeito o despoboamento.

#### **2.–REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

Serán beneficiarios/as destas axudas os/as pais/nais que estean empadroados/as en Melide que teñan ou adopten un/unha fillo/a no período comprendido entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022 e cumpran os seguintes requisitos:

- Os pais, ou polo menos, un deles, deberán estar empadroados no Concello de Melide cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses.
- Os/as nenos/as nados/as, ou adoptados/as, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Melide.
- O/a solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroad/a no concello, tanto el/a como os/as nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.
- O empadramento suporá a residencia efectiva, polo que tanto o/a beneficiario/a como os seus fillos/as, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do Concello de Melide. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo concello solicitando os informes que procedan.

#### **3.–TIPOS E CUANTIAS DAS AXUDAS.**

As axudas serán como máximo de 300,00 euros por cada fillo/a nado/a ou adoptado/a entre o 1 de novembro de 2021 e o 31 de outubro de 2022.

#### **4.-FORMA E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA AXUDA.**

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (Anexo I) e debidamente asinadas presentaranse no rexistro xeral do Concello de Melide. As solicitudes deberán ir acompañadas, inescusablemente da seguinte documentación (orixinal ou copia debidamente compulsada):

- Fotocopia compulsada do libro de familia e do DNI do/a solicitante.
- Copia do auto xudicial de adopción.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade.
- Compromiso de seguir empadroad/a no concello de Melide por un período mínimo de catro anos.
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos.
- Certificación dos datos bancarios onde se pretenda recibir o importe da axuda.
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Administración Tributaria Estatal.
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Administración Tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social.

O Concello de Melide comprobará de oficio que o solicitante se atopa ao corrente coa facenda local, emitíndose a tales efectos o correspondente informe por parte da tesourería municipal. De igual xeito o Concello de Melide comprobará de oficio á situación da unidade familiar en relación co padrón municipal.

Prazo: O prazo de presentación de solicitudes no rexistro do Concello de Melide será dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia e finalizará o 15 de novembro de 2022.

#### **5.-PUBLICIDADE.**

A presente convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da sede electrónica así como na páxina web do Concello de Melide para xeral coñecemento.

#### **6.-PROCEDIMENTO.**

##### **A) INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUCTOR.**

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a concelleira de Política Social, Igualdade e Saúde así como as traballadoras sociais do Concello de Melide, ou persoas que as substitúan. O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Se na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as ou se non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselles a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentada, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo ó parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

### **B) COMISIÓN AVALIADORA.**

A Comisión Avaliadora estará composta polo alcalde do concello de Melide, a concelleira de Política Social, Igualdade e Saúde así como os/as traballadoras sociais do Concello de Melide, ou persoas que as substitúan.

A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ó Alcalde-Presidente a través do órgano instructor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

### **C) RESOLUCIÓN.**

O órgano competente para a concesión das axudas será a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención municipal.

O prazo para resolver comezará a computar dende o día seguinte ao 15 de novembro de 2022, data en que finaliza o período de presentación das solicitudes e rematará o 31 de decembro de 2022. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención. O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte.

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

**7.-COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.** A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda coa mesma finalidade que poidan obterse doutros organismos públicos.

**8.-FINANCIAMENTO.** As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.00 do orzamento municipal para o 2022, ata un total de 15.000 euros para o dito exercicio, sendo que a cantidade individual das ditas axudas é de 300€, sempre que a cantidade total das axudas non supere os 15.000€.

Se das solicitudes que compren cos requisitos sinalados nesta convocatoria se deriva un gasto que supera a dita contía de 15.000€, esta será repartida de xeito igualitario entre todas elas, tendo en conta neste suposto que se establece un límite máximo individual de 300€.

**9.-NORMATIVA SUPLETORIA.** En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Melide para o exercicio 2022 así como o disposto na Ordenanza número 29 xeral de subvencións do Concello de Melide, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións e demais normativa de réxime local aplicable.

## **ANEXO I**

### **AXUDAS PARA APOIO Á NATALIDADE**

Nome e apelidos do solicitante:  
DNI n.º:  
Enderezo:  
Teléfono:  
Datos do/a cónxuxe ou parella (se é o caso):  
Nome e apelidos:  
DNI n.º:  
Datos do/a fillo/a:  
Nome e apelidos:  
Data de nacemento ou adopción:

#### **DATOS BANCARIOS:**

- Caixa ou banco:
- Sucursal:
- IBAN (24 díxitos):
- Titular:
- DNI:

Melide, ..... de ..... de ....."

Sinatura do solicitante ou persoa que o representa

#### **ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MELIDE**

### **COMPROMISO DE EMPADROAMENTO E DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO**

Don/a ..... con DNI n.º ..... e domicilio en .....

#### **COMPROMÉTOME:**

- A seguir empadroad/a e con residencia efectiva, tanto eu como o/a meu/miña fillo/a, no Concello de Melide por un período mínimo de catro anos.
- Á devolución desta axuda no caso de incumprir algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Melide, .... de ..... de .....

Asdo.:

#### **DECLARACIÓN XURADA**

Don/a ....., con DNI n.º .....e domicilio en .....

#### **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

- Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.
- Que teño solicitada, e/ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade coa seguinte identificación: \_\_\_\_\_

Así o fago constar onde conveña.

Melide, ..... de ..... de ....."

Logo de ver o certificado de existencia de crédito de referencia 318M/2022 de data 02 de setembro de 2022, emitido a tales efectos.

Logo de ver o informe favorable de intervención municipal sobre as ditas bases reguladoras, de referencia 319M/2022, de data 02 de setembro de 2022.

Esta Alcaldía en virtude das facultades que ten outorgadas PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar as “Bases reguladoras para a convocatoria de axudas a prol da natalidade no Concello de Melide (Año 2022)” así como o gasto derivado das ditas axudas con cargo á aplicación orzamentaria 2311/480.00.

**SEGUNDO.-** Ordenar a publicación das respectivas “Bases reguladoras para a convocatoria de axudas a prol da natalidade no Concello de Melide (Año 2022)” no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Melide.

**TERCEIRO.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento de intervención municipal para que se efectúen as anotacións contables que correspondan.

Asinado dixitalmente na data que se sinala no marxe.